


# ORGANIZACIÓN E LIÑAS DE TRABALO 2015 - 2017



**A G E F E C**

Asociación galega de enfermaría familiar e comunitaria

[www.agefec.org](http://www.agefec.org)

## **ÍNDICE**

<b>I. <i>Presentación</i></b>	<b><i>Páx. 3</i></b>
<b>II. <i>Obxectivos</i></b>	<b><i>Páx. 4</i></b>
<b>III. <i>Estrutura organizativa</i></b>	<b><i>Páx. 8</i></b>

## I. *Presentación*

É para min un motivo de orgullo presentar este documento que, de forma sintética, recolle a organización e as liñas que guiarán a nosa Sociedade Científica.

A Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria é unha sociedade científico profesional, de ámbito galego, democrática e respectuosa coa dignidade profesional e coas normas éticas que regulan a profesión enfermeira; que tenta aglutinar as inxerencias dos profesionais de Enfermería familiar e Comunitaria de Galicia.

Dende a AGEFEC pretendemos o fomento, o desenvolvemento, a promoción e a divulgación da Enfermería Familiar e Comunitaria. Así mesmo, o desenvolvemento científico dos seus asociados e do conxunto dos enfermeiros e enfermeiras que traballan no primeiro nivel de saúde, a formación continuada dos mesmos, o desenvolvemento da investigación no ámbito da saúde e a promoción da mellora da saúde dos cidadáns.

Somos conscientes de que os profesionais de enfermaría de Atención Primaria teñen que ter a mellor formación posible para ofrecer aos cidadáns uns coidados, tanto na prevención e na promoción e educación para a saúde, coma no seguimento das patoloxías crónicas do individuo ao longo de todo o seu ciclo vital. Por outra banda, ninguén debería por en dúbida que é precisamente no nivel asistencial de primaria onde esta labor deba ser mais acadable pola cercanía dos cidadáns aos profesionais, e onde estes necesitan dunha competencia que soamente se acada con unha formación específica e continua para intervir no seguimento do neno san, educar para a prevención de riscos en tódalas idades, facer seguimento das patoloxías crónicas máis prevalentes (hipertensión arteria, diabetes mellitus, EPOC, insuficiencia cardíaca, obesidades, atención domiciliaria, etc.). Conscientes disto, dende a AGEFEC apóstamos dende a nosa fundación pola creación da categoría profesional de enfermeira especialista en Enfermería Familiar e Comunitaria e consecuentemente a conversión paulatina de tódalas prazas de Atención en Primaria en prazas desta categoría coma garantía de que no campo de Atención Primaria traballen os profesionais coa competencia específica para este ámbito profesional.

Francisco Jesús Represas Carrera  
Presidente da AGEFEC

## II. *Obxectivos*

### 1. Laborais

- 1.1 Creación da categoría profesional de enfermeiro especialista en Enfermería Familiar e Comunitaria e creación dunha bolsa de traballo específica.
- 1.2 Convocatoria de Oposicións específicas para os profesionais de Enfermería Familiar e Comunitaria.
- 1.3 Colaborar ou propoñer aos órganos de representación dos traballadores (sindicatos) o desenvolvemento pleno da especialidade e que os especialistas (independentemente da vía de acceso a especialidade) acaden un posto de traballo no ámbito laboral para o que se formaron.
- 1.4 Conversión das vacantes que se produzan por xubilación do profesional ou feito asimilado, en prazas da nova categoría.
- 1.5 Reconversión automática a categoría de especialista daqueles que obteñan o título pola vía excepcional.
- 1.6 Inclusión do requisito da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria para a inscrición na bolsa de traballo de enfermeiro/a do 061.
- 1.7 Inclusión do requisito da Especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria para poder acceder a un posto de traballo nos Servizos de Saúde Pública.
- 1.8 Que o tempo traballado como residente sexa tido en conta, a tódolos efectos, como traballo efectivo no Sistema de Saúde ao igual que sucede noutras categorías profesionais.
- 1.9 Acadar un novo baremo de traslados no que se contemplan como méritos as publicacións científicas, poñencias en congresos, doutorado, etc. de tal xeito que o tempo traballado non sexa o único mérito.

### 2. Institucionais

- 2.1 Acadar que os postos de xestión sanitaria de diferente índole poidan ser ocupados por profesionais da Enfermería Familiar e Comunitaria.
- 2.2 Secundar tódalas accións que promovan as SS.CC. e outras institucións na consecución do desenvolvemento pleno da especialidade de Enfermería Familiar e Comunitaria en todo o Estado.
- 2.3 Secundar accións que promovan as SS.CC. e outras institucións para acadar a convocatoria da proba para acceder a especialidade pola vía extraordinaria.
- 2.4 Promover a participación dos profesionais de Enfermería Familiar e Comunitaria nas súas sociedades científicas comprometéndose nos órganos de dirección.
- 2.5 Firma de diferentes acordos entre organismos co obxectivo de impulsar a especialidade en tódolos seus ámbitos e como conseguinte o papel da Enfermería Familiar e Comunitaria.

- 2.6 Buscar acordos coas SS.CC. que representen a outras especialidades para acadar obxectivos comúns.

### 3. Docentes

- 3.1 Acadar a acreditación de tódalas Unidades Docentes de Medicina de Familia como Multiprofesionais de Atención Familiar e Comunitaria, conseguindo así un aumento na oferta de prazas de formación especializada.
- 3.2 Organizar cada ano as Xornadas de residentes en Enfermería Familiar e Comunitaria.
- 3.3 Diseñar e ofertar de forma anual un programa de formación continuada para a Enfermería Familiar e Comunitaria de acorde coas liñas estratéxicas propostas pola Administración Sanitaria ou sobre outras necesidades formativas que sexan detectadas no ámbito da Atención Primaria.
- 3.4 Promover a difusión da especialidade nos ámbitos académicos, ofertando nas facultades de Enfermería seminarios co fin de acercar os alumnos a experiencia formativa EIR.
- 3.5 Unha vez rematada a vía extraordinaria de acceso o título de especialista, exixir que os postos de docencia na formación especializada de EFEC sexan ocupados exclusivamente por profesionais especialistas en Enfermería Familiar e Comunitaria.

### 4. Científicos

- 4.1 Organización das V Xornadas Científicas da AGEFEC.
- 4.2 Organizar, realizar e celebrar actos e actividades científicas, de investigación, formativas, de forma individual ou en colaboración coas administracións ou organizacións públicas ou privadas. Continuaremos coa organización de obradoiros, encontros e simposios.
- 4.3 Contribuír ao coñecemento da especialidade e da enfermía familiar e comunitaria a través da investigación enfermeira e da divulgación do coñecemento científico.
- 4.4 Promover a investigación en Atención Primaria dentro da nosa Sociedade Científica dinamizando a labor dos grupos de traballo actuais e fomentando a creación de outros novos.
- 4.5 Promover e fomentar o progreso científico, impulsando e participando en proxectos de investigación orientados á actividade que desenvolvemos e en concreto á mellora dos coidados enfermeiros.
- 4.6 Fomentar a participación dos profesionais de Enfermería Familiar e Comunitaria en foros científicos de discusión ou en congresos e xornadas científicas.

## 5. Sociais

- 5.1 Contribuír a que a Enfermaría Familiar e Comunitaria teña a visibilidade social e repercusión mediática que teñen outras categorías profesionais do ámbito da Atención Primaria.
- 5.2 Aumentar a masa social que conforma a nosa Sociedade Científica.
- 5.3 Realizar campañas de difusión da marca AGEFEC entre os profesionais do Servizo Galego de Saúde, organismos oficiais e a sociedade.
- 5.4 Mellorar os medios de comunicación que ten actualmente a Sociedade Científica e buscar novas alternativas da difusión.
- 5.5 Realizar sesións informativas aos profesionais sanitarios acerca da especialidade de Enfermaría Familiar e Comunitaria para tratar que se visualice a profesión enfermeira en xeral e a especialidade en particular no ámbito laboral.
- 5.6 Aproveitar as oportunidades que ofrecen datas sinaladas (día da diabete, día do paciente oncolóxico, día do alzheimer, etc) para acudir ao medios de comunicación e por en valor a nosa contribución aos cuidados e benestar da cidadanía con patoloxías crónicas.
- 5.7 Aproveitar momentos puntuais (vacinação da gripe ....) para acudir aos medios de comunicación e facer visible a nosa contribución ao éxito de ditas campañas e a promoción de hábitos saudables para minimizar o impacto da transmisión de enfermidades epidémico pandémicas.
- 5.8 Fomentar e axudar aos profesionais de EFeC a que leven a cabo iniciativas de intervención comunitaria (educación para a saúde nas escolas, asociacións ...).
- 5.9 Difusión nos medios de comunicación, redes sociais, páxina web, etc. de tódalas novidades referidas aos profesionais da Enfermaría Familiar e Comunitaria.

## 6. Asistenciais

- 6.1 Facer efectiva a libre elección de enfermeiro/a (cupo propio) mediante o desenrolo do artigo 11 da lei 13/2013 de “garantías e prestacións sanitaria”.
- 6.2 Promover e avanzar nas modificacións precisas na Hª C. electrónica para que as enfermeiras podan aplicar o proceso enfermeiro na súa actividade asistencial e diminuír a variabilidade nos rexistros.
- 6.3 Valorizar o papel da enfermaría nas unidades e servizos de Atención Primaria permitindo o pleno desenrolo de competencias asistenciais e de xestión.
- 6.4 Promover que o Servizo Galego de Saúde aprobe un acordo de xestión nas Unidades e Servizos de Atención Primaria no que as enfermeiras non sexan avaliadas so pola realización de técnicas, senón por resultados de saúde onde a prevención e o seguimento do paciente crónico, e a atención domiciliar e paliativa ocupe o eixo central das intervencións enfermeiras.
- 6.5 Aumentar a carteira de servizo da enfermaría Familiar e Comunitaria que realiza a súa labor nos servizos de Atención Primaria.

- 6.6 Fomentar e axudar aos profesionais de Enfermaría Familiar e Comunitaria na realización de talleres específicos para grupos de pacientes dende o centro de saúde.
- 6.7 Impulsar a importancia da realización do diagnóstico comunitario para implementar as actividades comunitarias mais axeitadas.
- 6.8 Impulsar a colaboración cos concellos referentes de cada centro de saúde nas actividades comunitarias de promoción da saúde e estilos de vida saudables entre a poboación.
- 6.9 Acadar o completo desenrolo da prescrición enfermeira mediante o desenvolvemento da Lei 28/2009 “Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios”.
- 6.10 Fomentar a proactividade no exercicio profesional da Enfermaría Familiar e Comunitaria.
- 6.11 Aumentar o noso campo competencial dende o punto de vista asistencial, tendo por tanto, máis e maiores responsabilidades.
- 6.12 Promover a mellora dos coñecementos a través da formación continuada e avanzar na autonomía na prestación dos coidados enfermeiros.

### **III. Estructura Organizativa da Sociedade Científica**

#### Xunta Directiva

*Presidente:* Francisco Jesús Represas Carrera

*Vicepresidente 1º:* Álvaro Carrera García

*Vicepresidenta 2ª:* Lorena Comesaña Diego

*Secretario:* Ignacio Couselo Fernández

*Tesoureira:* Silvia Pazos Platas

#### *Vogalías por seccións:*

- |                               |  |
|-------------------------------|--|
| ○ EIR e Vía Extraordinaria    | Susana Mirás Carballal e Andrea Otero Budiño |
| ○ Tutores e Unidades Docentes | Alejandra García Ribera                      |
| ○ Formación continuada        | Xosé Luis Álvarez Prieto                     |
| ○ Grupos de Traballo          | Carmen Arcay Veira                           |
| ○ Saúde Pública e Comunitaria | Ana Saez Ribao                               |